

Faro *da* Cultura

FARO DA CULTURA reanudaré a súa publicación o **xoves, 4 de Xaneiro**.
Desexámoslles a todos os nosos lectores un bo Nadal e un moi feliz novo ano 2018.

Frank Lloyd Wright
(1867-1959).


Hai arquitectos que “fixeron” cidades e que, de maneira utilitaria ou onírica, modificaron paisaxes urbanas. Pero, xeralmente, esas obras non puideron ter influencia posterior; é dicir, xerme de modernidade. Entre nós, sería o caso de Antonio Gaudí ou de Enric Sagnier verbo de Barcelona ou de Antonio Palacios, se nos fixamos en Madrid.

Por contra, houbo quen de representar a modernidade en arquitectura pero fuxindo da presenza constante nunha gran cidade. Ese foi Frank Lloyd Wright, do que agora conmemoramos os 150 anos do seu nacemento: un arquitecto que, desde a modernidade máis militante, se situou nas antípodas desa toleria de cemento, ferro e vidro –e vulgaridade ás veces– que foi e segue a ser Nova York.

Nacido nun ambiente rural de Wisconsin, comezou a estudar enxeñaría pero axiña deixou a universidade para pasar a traballar no estudo de arquitectura de J. L. Silsbee, en Chicago; mais considerou que era demasiado convencional e pasou a traballar con L. Building, da chamada “escola de Chicago”.

En 1893 abriu estudo de seu e para o seu primeiro cliente fixo, a Casa Winslow, nun barrio residencial dunha pequena cidade de Illinois. Esta casa de dúas plantas resultou polémica polo seu estilo neo-Tudor, sobrio, entre pintoresco e clásico: tellados a catro augas inclinados e formando un beiril que ocupa a metade dunha fachada absolutamente simétrica. Foi a primeira da serie de casas chamadas “de pradaría”, edificios integrados na contorna e construídos arredor dunha gran cheminea cuxa saída –curta– estaba no cumio do tellado, entre as que cómpre salientar tamén a Casa Robie

Do mesmo ano, e tamén noutro suburbio de Illinois, vén ser a *Casa de Walter Gale*, en estilo Raíña Ana. Fronte á sobriedade das anterior-



A primeira modernidade americana

150 anos do nacemento de Frank Lloyd Wright

JOAQUIM VENTURA

res, nesta temos como elemento central unha torre con moitas fiestras que remata nun tellado cónico, mentres que como elemento visual de fuga hai unha bufarda dobre no tellado contiguo. Xa desde estes primeiros proxectos, Frank Lloyd Wright estableceu un especial coidado polos materiais empregados para axudar a diferenciar “espazos definidos” e “espazos pechados”.

En 1909 viaxou a Alema-

ña e alí deixou unha forte pegada, especialmente en Walter Gropius e Mies Van der Rohe, que despois impulsarían a Bauhaus. De regreso ao seu país, deseñou a súa propia casa en Wisconsin, nunha parcela da súa familia, orixinaria de Gales. Foi por iso que a chamou *Taliesin*. Refíxoa tres veces tras ser destruída polo lume. Recentemente, os materiais empregados para adaptar a casa á contorna provocaron un risco de derrube.

En 1904 proxectou o edificio *Larkin* en Buffalo. Monumental e construído con ladrillos, o deseño do interior e do mobiliario facilitou a comodidade dos traballadores nun ambiente “familiar”. Vítima a empresa da Gran Depresión, ficou baleiro e foi demolido en 1950. Tamén de 1904 é o *Templo da Unidade* en Illinois, onde usou por primeira vez o formigón e aplicou unha iluminación cenital e non lateral para así evitar que entrase o balbordo da rúa.

*Foi un visionario
sen o cal non se
comprende a
arquitectura
do século XX*

Unha casa que supuxo unha innovación foi *Hollyhock*, construída entre 1919 e 1921 para Aline Barnsdall en Los Ángeles. Fíxoa con bloques de cemento prefabricados e os seus muros están inclinados, á maneira maia, cultura moi admirada por Wright. Tamén daqueles anos foi o *Hotel Imperial* de Tokio, proxectado con A. Raymond. Cimentado sobre uns soportes hidráulicos basculantes, estes permitiron que resultase indemne despois do terremoto de 1923. Lamentablemente, foi demolido en 1968 para construír un rañaceos.

E entre as derradeiras obras de Wright cómpre salientar a *Casa Kaufmann*, chamada *da Fervenza*, en Pennsylvania. Está construída na rocha por riba dunha caída de auga nun estilo adiantado á súa época. Outra, de maiores proporcións, é o Museo Guggenheim de Nova York, inaugurado en 1959 pouco despois da morte do seu deseñador. En definitiva, un visionario sen o cal non poderíamos entender a arquitectura do século XX.